INFORME SOBRE A PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

O 29 de novembro de 2024 ten entrada na Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio (en diante, DXSAP) unha solicitude de informe preceptivo deste centro directivo sobre unha proposta de modificación da relación de postos de traballo (en diante, RPT) de persoal da Consellería do Medio Rural, remitido desde o Servizo de Persoal desa consellería.

O expediente recibido componse dos seguintes documentos:

-Memoria funcional

-Memoria económica

-Táboa coa relación de postos a crear

-Táboa coa relación de postos a amortizar

-Táboa de equivalencias

Atendendo á solicitude de informe sobre o expediente de proposta de modificación de RPT da Consellería do Medio Rural, así como en cumprimento do disposto no artigo 42.7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico, en concordancia co artigo 14 do Decreto 141/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública, a DXSAP emite o seguinte

INFORME

PRIMEIRO. Antecedentes

A vixente RPT da Consellería do Medio Rural foi aprobada por Resolución do 29 de xuño de 2021 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 17 de xuño de 2021 polo que se aproba a modificación da relación de postos de

CVE: He0mewJ3Oa69
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

traballo da Consellería do Medio Rural, coa incorporación das modificacións introducidas polo Acordo do Consello da Xunta do 24 de xuño de 2021.

Desde entón, a RPT foi modificada en sete ocasións, dúas delas relacionadas cos procesos de funcionarización de diversos postos [1], dúas relacionadas coas necesidades do Servizo de Prevención de Incendios Forestais [2], outras dúas para crear diversas unidades administrativas [3] e unha derivada da resolución de varios procesos extraordinarios de consolidación [4].

SEGUNDO. Obxecto da proposta

A modificación de RPT obxecto deste informe ten dúas finalidades principais:

1ª) Adaptar a RPT da consellería ás modificacións introducidas polas seguintes normas:

- Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural.

- Decreto 148/2024, do 20 de maio, de modificación do Decreto 223/2022, do 22 de decembro.

- Decreto 49/2024, d0 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

- Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia.

- Decreto 174/2024, do 29 de xullo, polo que se modifica o Decreto 81/2017, do 3 de agosto, polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal e se aproban os seus estatutos.

2ª) Introducir outros cambios puntuais para adaptar a RPT á situación actual da consellería.

[1] Resolución do 24 de xuño de 2021 e Resolución do 22 de maio de 2023.
[2] Resolución do 9 de xuño de 2023 e Resolución do 24 de novembro de 2023.
[3] Resolución do 5 de agosto de 2022 e Resolución do 5 de outubro de 2022.
[4] Resolución do 19 de xaneiro de 2023.

CVE: He0mewJ3Oa69
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

TERCEIRO. Cambios derivados dos decretos de estrutura orgánica

Secretaría Xeral Técnica

Inclúense, na proposta de modificación de RPT, a nova estrutura organizativa deste centro directivo recollida no Decreto 148/2024, do 20 de maio, a saber:

Vicesecretaría Xeral

Servizo de Persoal [5]

Servizo de Recursos e Reclamacións (en materia de persoal) [6]

Servizo de Calidade de Procedementos e Sistemas [7]

Subdirección Xeral de Xestión Económica e Orzamentaria [8]

Servizo de Xestión Económica e Orzamentaria [9]

Subdirección Xeral de Contratación

Servizo de Contratación

Subdirección Xeral de Réxime Xurídico

Servizo Técnico-Xurídico [10]

Servizo de Tramitación e Desenvolvemento Normativo

Subdirección Xeral de Planificación e Coordinación de Fondos Agrarios [11]

Servizo de Coordinación e Seguimento dos Fondos Agrarios [12]

---

[5] Antes dependente da extinta Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa.
[6] Antes dependente da extinta Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa.
[7] Antes con dependencia directa da Secretaría Xeral Técnica.
[8] Adscríbense á Subdirección Xeral de Xestión Económica e Orzamentaria os postos que se ocupan da xestión do parque móbil e a xestión do patrimonio, adscritos á Vicesecretaría Xeral antes da modificación do Decreto 223/2022.
[9] Antes dependente da Vicesecretaría Xeral.
[10] Na RPT de 2021 figuraba o Servizo de Recursos e Reclamacións, dependente da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico, que cambiou o seu nome por Servizo Técnico-Xurídico polo Decreto 223/2022.
[11] A Subdirección Xeral de Planificación e Coordinación de Fondos que figuraba na RPT de 2021 pasou a denominarse Subdirección Xeral de Planificación e Coordinación de Fondos de Desenvolvemento Rural no Decreto 223/2022 e volveu cambiar o seu nome por Subdirección Xeral de Planificación e Coordinación de Fondos Agrarios no Decreto 148/2024.
[12] Así mesmo, a unidade dependente da anterior subdirección xeral, que na RPT de 2021 se chamaba Servizo de Coordinación e Seguimento do PDR, pasou a chamarse Servizo de Coordinación e Seguimento da Planificación Estratéxica dos Programas de Desenvolvemento Rural no Decreto 223/2022 e volveu cambiar o seu nome por Servizo de Coordinación e Seguimento dos Fondos Agrarios no Decreto 148/2024.

CVE: He0mewJ3Oa69
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Subdirección Xeral de Planificación da Extensión Agraria [13]

Servizo de Coordinación e Dinamización da Extensión Agraria

Asesoría Xurídica de Gandaría, Agricultura, Calidade, Cadea Alimentaria e da PAC [14]

Asesoría Xurídica de Desenvolvemento Rural e Montes

Intervención Delegada

Servizo de Fiscalización e Contabilidade I

Servizo de Fiscalización e Contabilidade II

Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

Inclúense, na proposta de modificación de RPT, a nova estrutura organizativa deste centro directivo recollida no Decreto 148/2024, do 20 de maio, a saber:

Servizo de Análise e Informes [15]

Subdirección Xeral de Gandaría

Servizo de Sanidade Animal

Servizo de Producións Gandeiras e Benestar Animal

Servizo de Seguridade Alimentaria nas Producións Gandeiras

Laboratorio de Sanidade e Produción Animal de Galicia [16]

Centro de Recursos Zooxenéticos de Galicia [17]

Subdirección Xeral de Explotacións Agrarias

Servizo de Explotacións e Asociacionismo Agrario

Servizo de Sanidade e Produción Vexetal

Subdirección Xeral de Industrias Agroalimentarias [18]

---

[13] Esta subdirección xeral e mais o servizo dependente dela foron creados polo Decreto 223/2022.

[14] O Decreto 148/2024 cambiou o nome da Asesoría Xurídica de Gandaría, Agricultura e Calidade Alimentaria por Asesoría Xurídica de Gandaría, Agricultura, Calidade, Cadea Alimentaria e da PAC.

[15] Servizo con dependencia directa da dirección xeral.

[16] Con nivel orgánico de servizo.

[17] Con nivel orgánico de servizo.

[18] Este órgano administrativo, chamado na RPT de 2021 Subdirección Xeral de Industrias e Calidade Agroalimentaria, contaba con dous servizos: o Servizo de Industrialización e Comercialización e o Servizo de Control da Calidade Alimentaria.

No Decreto 223/2022 cambióuselle o nome por Subdirección Xeral da Cadea e Industrias Agroalimentarias, mantívose o primeiro dos servizos, cambióuselle o nome ao segundo por Servizo de

CVE: He0mewJ3Oa69
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Subdirección Xeral Económica e de Dotación de Medios

Servizo de Dotación de Medios

Dirección Xeral da PAC e Contral da Cadea Alimentaria [19]

Inclúense, na proposta de modificación de RPT, a estrutura organizativa deste novo centro directivo creado no Decreto 148/2024, do 20 de maio, a saber:

Subdirección Xeral de Coordinación da PAC, da Cadea e Calidade Alimentaria [20]

Servizo da Cadea Alimentaria e Control de Prácticas Comerciais Desleais

Servizo de Control da Calidade Alimentaria

Servizo de Auditoría Interna na Cadea Alimentaria [21]

Dirección Xeral de Defensa do Monte

Inclúense, na proposta de modificación de RPT, a estrutura organizativa deste centro directivo, que non sofre cambios no Decreto 148/2024, do 20 de maio, con respecto ao Decreto 223/2022, do 22 de decembro, a saber:

Subdirección Xeral de Prevención

Servizo de Actuacións Preventivas

Servizo de Xestión de Fondos

Control da Cadea Alimentaria e creouse o Servizo da Cadea Agroalimentaria e Control de Prácticas Comerciais Desleais.
O Decreto 148/2024 volve modificar o nome por Subdirección Xeral de Industrias Agroalimentarias e prescinde dos tres servizos: o persoal do Servizo de Industrialización e Comercialización pasa a depender da subdirección xeral e as funcións do servizo pasan a ser exercidas por esta. O Servizo de Control da Cadea Alimentaria e mais o Servizo da Cadea Agroalimentaria e Control de Prácticas Comerciais Desleais, xunto co seu persoal, adscríbense á nova Dirección Xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria.

[19] Pasan a integrarse neste centro directivo dous postos base A1 procedentes do Fogga, con códigos MR.O13.00.000.15770.009 e MR.O13.00.000.15770.002. Estes postos prestan servizos en materia de control das declaracións do leite, dos contratos do sector lácteo, o exercicio de actividades para un axeitado funcionamento do Observatorio do Sector Lácteo e a análise e seguimento das problemáticas do sector lácteo e dos prezos do leite e a xestión do sistema de información da cadea alimentaria no sector lácteo, vitícola e oleico. Ademais, proponse abrir o primeiro dos postos, vacante e sen ocupar, á administración xeral para que teña máis posibilidades de ser cuberto.

[20] Nova subdirección xeral constituída por dous servizos procedentes da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.

[21] Servizo con dependencia directa da dirección xeral procedente da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.

CVE: He0mewJ3Oa69
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Subdirección Xeral de Extinción

Servizo de Programación

Servizo de Coordinación de Medios

Servizo de Xestión Económica e Coordinación Administrativa [22]

Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal

Inclúense, na proposta de modificación de RPT, a estrutura organizativa deste centro directivo, que non sofre cambios no Decreto 148/2024, do 20 de maio, con respecto ao Decreto 223/2022, do 22 de decembro, a saber:

Subdirección Xeral de Recursos Forestais

Servizo de Saúde e Vitalidade do Monte

Servizo de Fomento Forestal

Servizo de Xestión Forestal

Servizo de Propiedade Forestal

Servizo de Planificación e Coordinación Forestal [23]

Axencia Forestal de Galicia

A Axencia Forestal de Galicia, creada polo Decreto 81/2017, do 3 de agosto, e modificada polo Decreto 79/2023, do 22 de xuño, adscribiuse á Consellería de Economía e Industria mediante o Decreto 49/2024, do 22 de abril.

Departamentos territoriais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra

No Decreto 148/2024, do 20 de maio, suprímense as xefaturas territoriais que figuraban no Decreto 223/2022, do 22 de decembro, cuxas competencias e funcións son asumidas polos departamentos territoriais, á fronte dos cales estarán os/as directores/as territoriais, dos/das que dependerán organicamente todos os servizos e unidades administrativas da consellería que radican no seu ámbito territorial:

[22] Unidade administrativa creada polo Decreto 223/2022, do 22 de decembro, con dependencia directa da dirección xeral.

[23] Unidade administrativa creada polo Decreto 223/2022, do 22 de decembro, con dependencia directa da dirección xeral.

CVE: He0mewJ3Oa69
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Servizo Xurídico-Administrativo

Servizo de Explotacións Agrarias

Servizo de Gandaría

Servizo de Industrias, Calidade e Cadea Agroalimentaria

Servizo de Montes

Servizo de Prevención de Incendios Forestais

CUARTO. Outros cambios propostos

Creacións

Área comarcal das oficinas rurais de Lugo

Proponse reforzar a Oficina Rural de Lugo creando unha unidade de apoio administrativo (nivel 18) debido á carga de traballo deste centro e que conta unicamente, na actual RPR, cun posto base subgrupo C2 para labores de carácte administrativo.

CODIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	NIVEL	SUBGRUPO	FORMA PROVISIÓN	T. ADMÓN
MRC992005127001026	UNIDADE DE APOIO ADMINITRATIVO	18	C1-C2	C	XERAL

Área comarcal das oficinas rurais de Vilalba

Esta área abrangue 15 concellos de dúas comarcas, a Terra Chá e Meira, de carácter agrícola e gandeiro, o cal está a sobrecargar algunha das oficinas rurais vinculadas. Para corrixir esta situación, proponse crear unha xefatura de grupo e un posto de inspector/a veterinario/a.

CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN DO POSTO	ESCALA	GRUPO	NIVEL
MR.C99.20.095.27430.001	INSPECTOR/A VETERINARIO/A	ESV (esc.veterinarios)	A1	24
MR.C99.20.095.27430.002	XEFE/A DE GRUPO	XERAL	C1-C2	14

CVE: He0mewJ3Oa69
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Amortizacións

a) Os cambios derivados do Decreto 223/2022, do 22 de decembro, implican amortizar os seguintes tres postos:

Código de posto	Denominación	Centro directivo
MRC060000115770014	XEFATURA SECCIÓN TOPOGRAFÍA	DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL
MRC991050132001021	INSPECTOR/A VETERINARIO/A DE APOIO	SERVIZO DE GANDARÍA (OURENSE)
MRC991060132001012	XEFATURA SECCIÓN C	SERVIZO DE INDUSTRIAS, CALIDADE E CADEA AGROALIMENTARIA (OURENSE)

b) Os cambios derivados do Decreto 49/2024, do 22 de abril, implican amortizar o seguinte posto:

Código de posto	Denominación	Centro directivo
MRC050000315770010	XEFATURA SERVIZO INDUSTRIALIZ. E COMERCIALIZACIÓN	DIRECCIÓN XERAL DE GANDARÍA

c) Os cambios derivados do Decreto 79/2023, do 22 de xuño, implicaron amortizar os seguintes dous postos:

Código de posto	Denominación	Centro directivo
MRC040000115770059	XEFATURA SECCIÓN	DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORDENACIÓN FORESTAL
MRC995018036380211	PEÓN FORESTAL	VIVEIRO FORESTAL AREAS - TUI

d) Os cambios realizados nas oficinas rurais implican amortizar os seguintes tres postos:

1. Proponse amortizar o seguinte posto vacante para crear a Unidade Apoio Administrativo na Oficina Rural de Lugo mencionada antes:

CVE: He0mewJ3Oa69
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Código de posto	Denominación	Centro directivo
MRC992009027640015	INSPECTOR/A VETERINARIO/A DE APOIO	DIRECCION TERRITORIAL DE LUGO - AREA VILALBA

2. Así mesmo, proponse amortizar os seguintes dous postos vacantes (o primeiro deles na área de Vilalba e o segundo na Oficina Rural de Viveiro) para crear o posto de inspector/a veterinario/a e o posto de xefe/a de grupo na área comarcal das oficinas rurais de Vilalba citados antes:

Código de posto	Denominación	Centro directivo
MRC992007327650009	XEFE/A DE GRUPO	DIRECCIÓN TERRITORIAL DE LUGO - AREA DE VIVEIRO
MRC991000027001033	UNIDADE DE APOIO ADMINITRATIVO	DIRECCION TERRITORIAL DE LUGO

e) Os cambios derivados do acordo de incendios implican amortizar os seguintes tres postos para cubrir os custos do complemento específico diferencial e do complemento de produtividade incorporados a determinados postos no Servizo de Prevención de Incendios:

Código de posto	Denominación	Centro directivo
MRC995018136440183	VIXILANTE FIXO/A	COMARCA FORESTAL: VIGO
MRC995006127650181	VIXILANTE FIXO/A	COMARCA FORESTAL: MARIÑA OCCIDENTAL
MRC995003115580180	VIXILANTE FIXO/A	COMARCA FORESTAL: ORDES-SANTIAGO

Modificacións

Servizo de Prevención de Incencios Forestais

a) Os servizos prestados polo Servizo de Prevención de Incendios Forestais están regulados polo Acordo sobre as condicións de traballo do persoal funcionario pertencente aos grupos A1 e A2 da Xunta de Galicia correspondente a este servizo. As retribucións correspondentes ao persoal deste servizo inclúen un complemento específico diferencial e un complemento de produtividade por realizar determinadas quendas de garda.

Existen seis postos deste servizo que non se incluíron no acordo de condicións específicas, que agora se precisa facelo: trátase de catro xefaturas de área (unha en cada departament

CVE: He0mewJ3Oa69
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

territorial), un posto da Dirección Territorial de Lugo e outro na Dirección Provincial da Coruña, ao que ademais se propón cambialo de adscrición e recodificalo pasando de depender directamente do/da director/a teritorial a adscribilo ao Servizo de Prevención de Incendios Forestais correspondente. Estes cambios xustifícanse para ter dimensionado o servizo de forma axeitada para realizar as gardas de incendios.

Codigo de posto	Denominacion	Centro directivo
MRC991080115001010	XEFATURA ÁREA DEFENSA CONTRA INCENDIOS II	DIRECCIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA - SFPIF
MRC991080127001009	XEFE/A DE AREA DEFENSA CONTRA INCENDIOS II	DIRECCIÓN TERRITORIAL DA LUGO- SFPIF
MRC991080132001011	XEFE DE AREA DEFENSA CONTRA INCENDIOS II	DIRECCIÓN TERRITORIAL DE OURENSE - SFPIF
MRC991080136001011	XEFE DE AREA DEFENSA CONTRA INCENDIOS II	DIRECCIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA- SFPIF
MRC991080115001015	POSTO BASE A1	DIRECCIÓN TERRITORIAL A CORUÑA
MRC991080127001004	POSTO BASE A1	DIRECCIÓN TERRITORIAL A LUGO

b) Proponse modificar a denominación de catro postos base do subgrupo A1 (códigos MRC991080115001213, MRC991080127001004, MRC991080132001010, MRC991080136001010) dependentes dos Servizos de Prevención de Incendios, que pasarían a denominarse "Técnico/a de apoio ao SPDCIF" e abrirse á escala de enxeñeiros técnicos, especialidade enxeñería técnica forestal (na actualidade, figuran como escala enxeñería, especialidade enxeñería de montes) para facilitar a súa cobertura.

Dirección Territorial de Lugo

Corríxese o seguinte erro no posto base subgrupo A2 (código MR.C99.10.000.27001.244): na anterior RPT figuraba aberto á escala de enxeñeiros/as, especialidade de enxeñeiros/as agrónomos/as, cando ten que estar aberto á escala de enxeñeiros/as técnicos/as.

Área comarcal das oficinas rurais de Mondoñedo

A Oficina Rural de Mondoñedo ten dous postos de carácter administrativo, un posto base subgrupo C1 e unha xefatura de grupo subgrupos C1-C2. O primeiro deles está ocupado por unha persoa en destino provisional e proponse abrilo ao C2 e cambiar a súa denominación por xefatura de grupo.

CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN DO POSTO	GRUPO	NIVEL
MR.C99.20.071.27290.014	XEFATURA DE GRUPO (MONDOÑEDO)	C1-C2	14

CVE: He0mewJ3Oa69
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

QUINTO. Custo

No relativo aos custos correspondentes a esta proposta de RPT, correspóndelle pronunciarse á Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico da Consellería de Facenda e Administración Pública.

SEXTO. Sentido do informe

Os fundamentos e datos achegados pola Consellería do Medio Rural para xustificar a proposta de modificación da súa relación de postos de traballo, desde o punto de vista da DXSAP, son suficientes para dar o visto e prace.

De acordo con todo o anterior, a Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio estima oportuno e emite **informe favorable** acerca da proposta de modificación da relación de postos de traballo da Consellería do Medio Rural.

Finalmente, para os efectos de cumprir coas obrigas en materia de transparencia, a persoa responsable da coordinación da xestión da calidade e de transparencia da consellería, unha vez aprobado o dito decreto, deberá remitir o organigrama actualizado da consellería, para a súa publicación no Portal de Transparencia e Goberno Aberto, conforme sinala o artigo 6.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

O director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio

José María Barreiro Díaz

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Asinado por: BARREIRO DIAZ, JOSE MARIA
Cargo: Director Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio
Data e hora: 23/12/2024 15:33:50

CVE: He0mewJ3Oa69
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve